

Os solpores teñen ollos
negros, grises e vermellos,
que aloumiñan ás mociñas,
ós rapaces e ós máis vellos.

Os solpores teñen ollos
misteriosos, mentireiros,
que deitan o seu rubor
encol dos soños baleiros.

Os solpores teñen ollos,
solermiños, rebuldeiros,
que danzan coa paisaxe
nos veráns e nos invernos.



Antonio García Teijeiro

1. Busca todos os adxectivos que hai no texto.

2. Une cada palabra do poema coa súa definición:

solpor

Cor rubia característica que o rostro presenta de modo pasaxeiro por mor da vergonza, da timidez ou de certos estados de ánimo.

danzar

Hora en que o Sol se pon, e feito de ocultarse este no horizonte.

rubor

Executar un baile.

aloumiñar

Tratar con cariño ou afago a alguén para producirle agrado.